

ALICERCES

Emilio Álvarez Rey



Arriba de esquerda a dereita:

Darío Álvarez Limeses (pai dos Álvarez Blázquez), Emilio Álvarez Giménez, Gerardo Álvarez Limeses (pai dos Álvarez Gallego).

Abaixo de esquerda a dereita:

María Álvarez Limeses (muller de Celso García de la Riega), Carmen Álvarez Limeses (muller de José Buela), Amalia Limeses Iglesias (muller de Emilio Álvarez Giménez) e o neno Xosé Álvarez Limeses, María Gallego Martínez (muller de Xerardo Álvarez Limeses). 1895?

A carón do castelo de Puebla de Sanabria, nunha casa con soportais que, cando eu estiven alí, hai anos, tiña un gran rotulo no que se lía “juizado” naceu, o 21 de marzo de 1930, Emilio Álvarez Giménez, o noso devanceiro que, pasado o tempo, foi o carballo onde agromaron as pólas da familia na Galiza.

Antes de chegar a Galiza, fai un longo percorrido por case todas as provincias españolas, pois o seu pai, que era xuíz, exerceu en máis dunha ducia de capitais, sendo maxistrado en Mataró, Mallorca, Cáceres, Albacete, Barcelona e non sei cantas máis. Foi, tamén, alcalde de Quintanar de la Orden e de Leganés, e ata tivo un nomeamento de “Perseguidor de malhechores y contrabandistas” no que, segundo uns papeis que andan pola casa, tivo unha grande actuación.

Emilio seguiu ó seu pai por todos eses mundos pero debeu quedar vacinado de tanto movemento e, cando chegou o seu primeiro traballo en Pontevedra, xa non se moveu máis. A vacina debeuse meter no ADN da familia, pois os seus descendentes andamos case todos onde nacemos ou ó redor sen pasar, iso si, do Padornelo.

A Gregorio Álvarez González, que era o pai, non lle chegou con traballar de xuíz, maxistrado, alcalde e de “Perseguidor de malhechores y contrabandistas” senón que “tamen” foi deputado liberal por Barcelona e por Ponferrada.

Despois destes breves antecedentes falemos, xa, de Emilio. A Emilio tiráballe aquilo das letras, pois, durante a súa estancia en Mallorca, ademais de aprender o catalán, funda, con dous amigos –Guillermo Forteza e Enrique Friol– (co tempo importantes escritores en catalán) a Sociedad Literaria Mallorquina.

Licénciase en Madrid na facultade de filosofía, sección literatura, e logo de dar clase nun colexio agregado da universidade, trasládase a Pontevedra como profesor substituto de Clásicos Latinos y Castellanos. En Pontevedra ficará xa para sempre despois de obter a Cátedra de Retórica e Poética.

Intégranse totalmente na sociedade pontevedresa e mantén relacións con Emilia Pardo Bazán, Curros Enríquez, Alfredo Brañas, Xoán Manuel Pintos, Saco y Arce, Montero Ríos, Manuel Murguía e moitos outros.

En Pontevedra, casa con Amalia Limeses, emparentando, por primeira vez, con Celso García de la Riega. Emparenta tamén cos Mariño de Lobeira, para desgraza do seu neto Xosé María Álvarez Blázquez, que herdou unha enfermidade da pel –ictiose– porque os Mariño, segundo o licenciado Molina, viñan da unión dun cabaleiro e dunha serea. A ictiose caracterízase pola pel escamenta (*se non e vero e ben trovato*).

Foi director do instituto de Pontevedra durante vinte anos en tres períodos distintos.

Formou parte do comité revolucionario de 1868 na sección de educación.

Impulsa, participa e preside importantes iniciativas pontevedresas, como a sociedade para o lazareto de Tambo, a construción do liceo teatro no terreo de San Bartolomeu o vello, –hoxe teatro principal e liceo casino–. É tamén promotor e presidente da sociedade que constrúe unha ponte da barca de madeira, con parte levadiza e de peaxe.

Ó mesmo tempo dirixe periódicos e revistas, especialmente pontevedresas, –*El Dictamen*, *La Paz*, *El Alerta*, *El Fénix* e *El Eco de Tambo*, colaborando noutros moitos periódicos e revistas galegos e de Madrid.

En 1870 publica *Estudio de las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*, a primeira tirada é de 4.000 exemplares, e foi reeditado varias veces. Nesta obra denúnciase a contaminación do castelán polo galego e, quen llo ía dicir, que moitos anos despois, Pepe Álvarez Cáccamo denunciaría a contaminación do galego polo castelán en *Galego cero*.

Publica 14 obras de teatro, estreadas todas, dúas delas en Madrid. É autor tamén de: *Refranero gallego*, *Biografía de Fray Martín Sarmiento*, *Humildes*, *Libro de poesías en castelán, catalán e galego*, e *Retórica y poética*.

Este último era libro de texto en bastantes institutos e debeulle tocar a Pablo Picasso porque no seu museo de Barcelona hai un exemplar cheo de debuxos que debeu facer durante as clases.

Pertenceu ó partido liberal e foi: Académico correspondente de Historia, Consejero de Instrucción Pública, Xefe superior de Administración Civil, Vicepresidente da Deputación e Cabaleiro da orde de Carlos III.

Morreu en Pontevedra en 1911.

OS ÁLVAREZ LIMESSES

A primeira xeración dos Álvarez, nada en Galicia, son os fillos de Emilio, que tivo cinco pero, como estamos a tratar de escritores, vou falar de Xerardo, Darío e Xosé.

XERARDO ÁLVAREZ LIMESSES

Nado no ano 1871 viviu a cabalo de dos séculos e de dúas repúblicas. Ós 13 ou 14 anos funda co seu amigo Víctor Saiz Armesto a sociedade Los amigos del Progreso, onde, con outros rapaces do seu tempo, botaban discursos, lían poesías e discutían sobre temas de actualidade.

Estuda a carreira de dereito en Santiago, que remata ós 19 anos. Co título na man, o seu pai colócao no despacho de César Boente, un bufete de gran prestixio, para que siga a carreira de dereito coma o seu avó.

Pero como esa auga no vai polo seu rego, deixa o bufete e, logo de facerse mestre, gana as oposicións a inspector de primeira ensinanza, que exercerá toda a vida.

Porén, a súa verdadeira vocación era a literatura, igual que o seu pai, fai periodismo, poesía, ensaio...

En 1893 publica *Margaritas* e, máis tarde, *Versos Morales* e *Leyendas gallegas*. E por último, o libro de poesías galegas *Antre dos Séculos* editado por subscrición popular e con prólogo do seu amigo Castelao.

É tamén autor do monumental tomo da *Xeografía de Pontevedra* editada por Carreras Cadi en Barcelona. Durante moito tempo foi o libro máis consultado do Museo de Pontevedra.

Relación con Enrique Labarta

Naqueles anos vivía en Pontevedra Enrique Labarta Pose que, coma Xerardo, se licenciara en Dereito e metera o título nun caixón. Labarta tiña unha extraordinaria facilidade para facer versos e aínda que se chamaba a si mesmo poeta festivo tiña obras de verdadeira fondura.

Este Enrique Labarta é o “Barcala” da casa da Troya, ¿acórdavos?:

Querido Don Jesús
hombre buenísimo....

Pois ben, Enrique Labarta era un auténtico promotor cultural. Naqueles anos promove e edita *Galicia Humorística* (1868), 15 números; *Extracto de Literatura* (1893), 43 números; *Galicia Moderna* (1897-98), 30 números.

Cando se publica a primeira, Xerardo era aínda moi novo e, polo tanto, non aparece a súa sinatura. Nas outras dúas colabora constantemente xunto con Labarta, intercambiando incluso, a dirección e a administración. As penurias económicas eran constantes, chegando Labarta a publicar, a toda páxina, unha necrolóxica pola morte da publicación. É interesantísima a nómina de colaboradores, entre os que poderíamos destacar os seguintes:

1. Paz Novoa
2. Moisés González Besada
3. Emilio Álvarez Jiménez
4. Manuel Murguía
5. Salvador Golpe
6. Torcuato Ulloa
7. Jesús Muruais
8. Benigno Sanmartín
9. Ramón del Valle Inclán
10. Emilia Pardo Bazán
11. Víctor Saiz Armesto
12. José Echegarái
13. Sofía Casanova
14. ...

Galicia Moderna chegou a ter trinta correspondentes espallados por Galicia. Por certo, un deles foi Darío Álvarez Limeses, correspondente en Santiago (estudante de medicina). Labarta, paréceme, un persoeiro inxustamente esquecido. Poderíamos destacar como colaboradores desta publicación, os seguintes:

1. Eduardo Vincentti
2. Lamas Carbajal
3. Celso García de la Riega
4. Curros Enríquez
5. Rosalía de Castro
6. Eduardo Pondal
7. Luis Taboada
8. Balcarce Ocampo
9. Emilia Pardo Bazán
10. Barcia Caballero
11. Álvarez Jiménez
12. Jesús Muruais

13. Neira Cancela.

14. ...

A nosa tía Lola, que xa ten 99 anos acórdase del e tenme dito que andaba sempre sen unha peseta. E debía ser certo porque cando publica *Adormideras* dedícallo a Xerardo en verso:

*Idéntico es nuestro sino
pues los dos somos poetas
y seguimos el camino
de no tener dos pesetas...*

No ano 1931 entra Xerardo no Partido Galeguista e desenvolve unha grande actividade a prol da lingua galega na escola. Imparte conferencias, intervencións na radio e, claro está, tamén na prensa.

Pertence así mesmo ó Seminario de Estudos Galegos, no que presenta un traballo sobre o Padre Sarmiento. En 1936 abandona o partido galeguista e a política (o motivo é a coalición coa fronte popular), facéndollo saber a Bóveda nunha carta que lle escribe dende Baión.

DARÍO ÁLVAREZ LIMESES

Nace e vive en Pontevedra ata que ingresa na facultade de medicina de Santiago, onde se licencia en 1901. Rematada a carreira, establécese en Tui como médico hixienista do Concello e máis tarde como médico titular despois de ganar a praza de inspector municipal de sanidade nas primeiras oposicións que houbo para a creación do corpo.

Pero, como non podía ser menos, a súa máis importante actividade –despois da profesional– foi a de periodista, pola que sentía unha intensa vocación (en palabras do seu fillo Darío). Sostivo algunha sonada polémica, entre as que destaca a ocasionada polo traslado do camposanto de Tui desde o centro ó extrarradio, iniciativa que el impulsaba. Opoñíase totalmente o clero local, arremetendo contra el no diario tudense *La Integridad*, que lle negou as súas páxinas para contestar, tendo que facelo na *Correspondencia Gallega* de Pontevedra.

Cando pasou o temporal foi redactor xefe de *La Integridad*.

Colaborou tamén no decenario tudense *El Vencejo* e nas revistas madrileñas *Caza y Pesca* e *España Cinegética*.

Fundou en Tui o semanario *La Opinión* arremetendo dende as súas páxinas contra o caciquismo reinante, nacendo aquí a súa decidida entrega pola xustiza liberal e pola liberdade de opinión.

Máis adiante volverei falar do tío Darío...

XOSÉ ÁLVAREZ LIMESSES

Era o pequeno dos irmáns, pai dos Álvarez Negreira e, aínda que traballaba na Deputación de Pontevedra, exercía de xornalista como redactor deportivo, e asinaba as crónicas co pseudónimo de “Zaavrel” (as letras de Álvarez ordenadas doutro xeito). Tamén sostivo unha longa e intensa polémica con Casto Sampedro a causa de tese de Colón. El estaba a favor de García de la Riega, mantendo que Colón era orixinario de Pontevedra.

Máis adiante tamén volverei falar do tío Xosé.

Rematadas aquí estas notas da primeira xeración dos Álvarez en Galicia, dos seguintes xa falou dabondo Alfonso, quería agora deixar, de momento, os apuntamentos biográficos e contar algo que, para min, explica os fortes lazos de fraternidade entre todos eles.

BAIÓN

Torno a ti, meu Baion, terra loubada
terra do corazón, amante miña...
Xosé M.^a Álvarez Blázquez
Canle segredo

Baion, Baion, moitas veces
a tú aterra mimosa,
fun buscando a saudíña...
Xerardo Álvarez Limeses
Antre dous séculos

A familia, dende o último terzo dos anos vinte ata o ano 36 tiña un paraíso. Este paraíso estaba en Baión, preto de Vilagarcía. En Baión, ó redor do pazo de García de la Riega, todos os irmáns mercaron, construíron ou alugaron casas para ir pasar o verán. Xuntábanse alí os cinco irmáns con todos os seus fillos. Xa podedes imaxinar vinte e tantos rapaces xuntos durante uns meses (as vacacións, daquela, eran outra cousa) sen televisión, sen cines, sen coches e ata sen bicicletas. Eles sos nas leiras, nos montes e nos ríos. Pescaban nos ríos, cazaban polos montes e, algúns, ían á romaría de San Simón e outras polos arredores. E cando non facían iso, argallaban en calquera cousa porque imaxinación está ben probado que a tiñan. O único que os amolaba era, precisamente, Xosé María Álvarez Blázquez. Este descubriu que aló enriba do que foi pazo de Oubiña, había un castro, e alí, de cando en vez, facía subir a todos, incluso lles dicía que chamaran os amigos, e cargar, cara a abaixo, con sacos de pedras, ladrillos, tellas e todo aquilo que o xefe da expedición considerara de interese. Quero engadir que o monte do castro quedaba a uns dous quilómetros da súa casa (Celso García de la Riega aínda se acorda do peso dos sacos).

Mirade, eu, de pequeno, de mozo, e xa de vello, estiven en moitas xuntanzas con xente desa xeración e podo asegurarvos que en ningunha ocasión, nin nunha soa, deixou de saír Baión na conversa, os recordos de Baión. Este verán, fun outra vez con Celso, que ós seus 93 anos aguantou o sol de agosto percorrendo aqueles camiños que leva tan metidos no fondo.

A DESFEITA

Pero, mentres tanto, a besta sanguíñenta estaba no tobo e era mantida, e ben mantida, polos fascistas, polo exército e pola igrexa. No ano 36 sae do tobo, sedenta de sangue e arremete contra todo aquilo que no país era progreso, cultura, tolerancia... ¡¡abaixo a intelixencia, dicían!!

Prenderon a Darío Álvarez Limeses e tamén ó home da súa sobriña, Alexandre Bóveda, destacadísimo dirixente do Partido Galeguista no que case todos militaban.

Na vella casa da rúa da Oliva, en Pontevedra, onde eu vivín ata os vinte e tantos anos, había un grande arquivo que viña desde Gregorio Álvarez González e que chega ata os Álvarez Gallego, centos de carpetas con documentos, orixinais de obras, correspondencia, periódicos, revistas, gardaban todo. A casa ardeu no ano 75 e desapareceu case todo.

Había unha carta de Darío Álvarez Blázquez ó seu tío Xerardo, e que eu tiven na man que, a primeira vez que a lin, deixoume abraiado, porque poñía “saludo a franco-primer año triunfal”. Non tardei en saber o motivo: abríanas todas e as que non levaban esas dúas frases non pasaban a censura. Na carta comentaba a prisión do seu pai e mais de Alexandre. Á detención do seu pai non lle daba importancia, porque, tal como era o pai, parecíalle imposible que lle pasase algo malo. De Bóveda dicía que, aínda que tiña unha gran significación política, tampouco fixera nada que xustificase calquera tipo de condena.

Xa sabedes o que pasou...

Caeu a noite. Pero a noite, aínda que longa e negra, non era de pedra, estaba chea de bestas asasinas que tiñan sede de sangue e encheron os camposantos, os montes e as cunetas de mortos.

Na familia quedaron máis de vinte orfos, porque Xosé Álvarez Limeses foi despedir a Bóveda a derradeira noite, o 16 de agosto, chegou chorando á casa, meteuse na cama e morreu ós poucos días. E non estaba enfermo.

Emilio Álvarez Gallego foi suspendido de emprego e soldo, era mestre, e despois deterrado a Cáceres. Na mesma folla do Boletín Oficial sae tamén a orde de desterro a Coreses de Xosé María Álvarez Blázquez.

Xerardo Álvarez Gallego ten que fuxir. A historia que me contaron na casa é a que segue: Xerardo estaba nunha lista para pasear. Esta lista mirouna un amigo militar do que non quero dicir o nome porque non quero darlle ningún mérito (porque se estaba no allo da lista igual tamén estaba no allo do gatillo) e riscou o nome de Xerardo, avisándoo de que fuxira. Marchou para Portugal, de onde tivo que volver escapando da policía portuguesa. Ó final, axudouno un amigo de Pontevedra que lle chamaban de alcume “Pepito negocios”, quen lle facilitou unha pasaxe para un barco inglés que saía da Coruña cara a Cuba. Antes de fuxir, redactou as defensas de Bóveda e de Darío, que de nada serviron.

EXILIO INTERIOR

Na familia só houbo un exiliado –Xerardo– pero os que aquí quedaron sufriron un terrible exilio interior que durou máis de tres décadas.

Da volta de Xerardo quedoume gravada unha escena que levarei sempre na memoria: estaba eu no despacho, o despacho que fora do seu pai, da miña casa da rúa da Oliva e chamaron á porta. Alguén abre e, pouco a pouco, vaise abrindo tamén a porta do despacho, aparecendo Xerardo inmóbil, mudando de cor de branca a encarnada, quere falar e non pode ata que despois duns segundos que me pareceron eternos, rompe a chorar. Ese mesmo día, pola noite, eu tiven que cargar cun colchón ó lombo e atravesar Pontevedra para levarllo ó calabozo do goberno civil e que non durmira nos ferros do catre. Era o ano de 1961.

Como consecuencia da detención, déronlle 24 horas para abandonar o país, prazo que se prorrogou un par de veces, pero que ó final o obrigou a exiliarse de novo.

PERSECUCIÓN E RESISTENCIA

Remata a guerra e dá comezo a persecución contra os da cáscara amarga.

Aínda así, no mes de xaneiro do 37 Darío Álvarez Blázquez xógase a vida certificando o embarazo dunha condenada a morte, mestra, á que lle asasinaran o home, mestre tamén, en Mondariz. A finais de xaneiro conmutáronlle a pena por cadea perpetua. Darío ten que simular un aborto con materiais que leva no maletín. A mestra non recupera a liberdade ata 1944, chámase Josefa García Segret.

En xullo de 1940 o Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas instrúe o expediente contra Alexandre Bóveda Iglesias e, despois de recoller nos seus resultandos que foi condenado a morte e executado, que deixa muller e cinco fillos pequenos e que o valor da súa herdanza é de 480 pesetas, sentenza que debe impoñer unha sanción de 250 pesetas con cargo ó caudal hereditario.

Este Tribunal non era un consello de guerra sumarísimo, os compoñentes non eran militares, eran xuíces e, aínda así, pronuncian, mandan e asinan a sentenza. Preside Eduardo Martínez Nieto e, como vogais, Marcial del Río y Díaz e José Antonio Quiroga e Martínez de Pisón.

No ano 1941 chega a Pontevedra Celso García de la Riega Álvarez despois de pasar dous anos nas cadeas de Carabanchel e Alcalá. Botou toda a guerra xunto con Borobó, e xuntos tamén os anos de cadea. Nada máis chegar, méteno no cuartel e fanlle cumprir o servizo militar durante tres longos anos, nos que foi perseguido e castigado constantemente.

A meu pai, Emilio Álvarez Gallego, que exercía o periodismo, bótano da axencia de noticias e dun periódico de Madrid porque non informou con suficiente entusiasmo sobre unha visita de Franco a Pontevedra. Prohíbenlle tamén a entrada na Delegación de Educación, necesaria para facer o seu traballo. Morre en 1954 ós 52 anos. Quedoume

a amargura de pensar que naquel tobo negro, fondo e longo non chegou, nin tan sequera, a albiscar a mínima luz dun cativo vagalume.

Coincidindo con esa visita de Franco e, por se acaso, a Celso méteno na cadea por dez días, aínda que a estancia do ditador en Pontevedra apenas foi dunhas horas.

A continuación, bótano do traballo que tiña na Deputación e despois tamén doutro que conseguira no Concello, neste caso por negarse a asinar a súa adhesión ó réxime franquista. Tamén lle prohibiron o acceso á universidade.

A Darío Álvarez Blázquez levárono preso no ano 1947 para a cadea de Vigo, onde hoxe está instalado o Museo Marco.

Aínda con esas non se renden nin recúan. Emilio participa nas reunións que tentan de reconstruír o partido galeguista como representante por Pontevedra, xunto con Vicente Bóveda, Ánxel Fole, Francisco Fernández del Riego, os irmáns Saco, Xenaro Mariñas del Valle, Ramón Piñeiro, Gómez Román e outros.

Aínda queda na casa un feixe de propaganda, en ciclostilo, do ano 1949.

Nese mesmo ano, Emilio Álvarez Negreira, que milita no partido comunista, impulsa –xunto con Sabino Torres, Celso Emilio Ferreiro, Cuña Novás, Rafael Alonso, Antonio Blanco Freijeiro e outros– unha colección de libros en galego que son os primeiros que se editan nestes anos despois de *Cómaros verdes*. Nesta colección publican Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez *Poemas de ti e de min*. A colección chamouse Benito Soto porque como non conseguían o permiso de edición, tiveron que facer edicións piratas e, xa que ían ser piratas, a proposta de Emilio, decidiron poñerlle o nome do célebre pirata da mourería aforcado en Xibraltar.

Só me queda dicir que membros da familia participaron na Real Academia Galega, no Seminario de Estudos Galegos, na revista *Nós*, na revista *Vida Gallega*, na constitución de Galaxia, e en tantas e tantas iniciativas culturais do noso país.

En definitiva, esta foi, ata agora, xunto co que dixo Alfonso, a achega da familia á construción do país, e aínda que o seu compromiso lle custou mortos, exilios, destellos e represións, non por iso se detiveron e, menos, recuaron, conservando e transmitindo o que dos seus recibiron.

SAUDE E REPÚBLICA.